

HOMO ECONOMICUS (Eva Legaspi)

Este libro ten como obxectivo principal dar ós lectores coñecementos sobre cuestións fundamentais da economía mediante unha aproximación ó mundo que nos rodea para dar resposta a interrogantes sobre temas tan dispares como a política, as relacións sociais e o traballo, a empresa...

Sen embargo, non é un libro de anécdotas e curiosidades, senón que a finalidade dos seus plantexamentos é a de resultar polémicos e divertidos e, moitas veces, sorprendentes. Por iso, o autor pon en tela de xuízo ideas que se atopan moi establecidas pero non por iso son certas e explica unha serie de cuestións que axudan a entender os temas de actualidade e os mecanismos económicos que rexen noso sistema.



Dende o meu punto de vista é un libro moi extenso e de complicada comprensión, polo que non o recomendaría a persoas que non teñan coñecementos previos de algúns conceptos económicos.

A Economía, dentro das ciencias sociais, encárgase de estudar o comportamento dos distintos axentes económicos baixo a presunción de que realizan os seus actos coa intención de satisfacer as súas necesidades.

Un concepto elemental da política económica liberal é o de Homo economicus: un suxeito que toma decisións, supostamente racionais, nunha sociedade madura na que as personaxes están obrigados e motivados na construción do benestar económico a través das súas decisións. A cuestión está en analizar a racionalidade e os límites deste concepto, que en ocasións dana e adquire rasgos antiéticos xustificados polo obxectivo central de maximización de riqueza.